

CURSO

O TRABALLO ECOSOCIAL COMO FERRAMENTA DE TRANSFORMACIÓN

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivo.....	2
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario	4
7) Metodoloxía.....	4
8) Avaliación	5
9) Docencia	5

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comenzo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1.RESUMO DO CURSO



20 horas



Ourense
Centro Cívico a Ponte - Sala 4
Rúa Eulogio Gómez Franqueira, 43



Do 27 de setembro ao 18 de
outubro de 2023



Colexiados/as: ~~110€~~, agora 55€
Non colex.: 150€

2. FUNDAMENTACIÓN

Nun contexto de emerxencia climática, precisamos máis formación transversal nas infinitas posibilidades que ten o traballo social para integrar o aspecto ambiental a nosa praxe profesional.

Presentamos esta proposta “O traballo ECOsocial como ferramenta de TransFormación” como un espazo para aprender e crecer xuntas nas áreas da sostibilidade, a xustiza ecosocial e o traballo social verde.

3. OBXECTIVOS

- Crear un espazo seguro e efectivo de aprendizaxe no que compartir ferramentas para traer a sustentabilidade aos nosos espazos de traballo social.
- Afodar de maneira teórico-práctica nas diversas formas de aplicación prácticas do traballo social verde, a partir das que co-deseñemos propostas para a comunidade e nos convirtamos en **axentes activos/os de transformación ecosocial**.
- Revisar as olladas do traballo social e introducir a **perspectiva ecoloxista, ecofeminista e decolonial** nos discursos de coidados, igualdade e inclusión social.
- (De)construírnos individualmente para Construírnos colectivamente en maior respecto e armonía coa Natureza, os seus límites e ciclos.

4. CONTIDOS

Módulo 1. Introducción ao Traballo Social e Medioambiente nun contexto de emerxencia climática.

Módulo 2. Ecofeminismo e decolonialidade como pilares para a xustiza ecosocial.

Módulo 3. Permacultura: concepto, éticas e principios. Os sete pétalos aplicados ao T. Social.

Módulo 4. Traballo Social nos Movementos e/ou nas Comunidades en Transición.

Módulo 5. Reverdecendo o Traballo Social: Exemplos prácticos para transformar a realidade.

Módulo 6. Mudando a ollada. Exercicio práctico a aplicar no lugar de traballo e acompañamento cunha titoría individualizada opcional.

5. PERSOAS DESTINATARIAS

Profesionais de traballo social colexiados/as, precolexiados/as ou en situación de desemprego.

6. CALENDARIO

Desde o 27 de setembro ao 18 de outubro de 2023.

A formación contará con 4 sesións presenciais que se celebrarán nas seguintes datas:

SESIÓNS PRESENCIAIS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	27/09/2023	16.30-20.30
Sesión 2	04/10/2023	16.30-20.30
Sesión 3	11/10/2023	16.30-20.30
Sesión 4	18/10/2023	16.30-20.30

7. METODOLOXÍA

A metodoloxía que empregaremos ó longo desta formación será a metodoloxía socioafectiva e a **aprendizaxe experiencial** dentro dun marco de educación non-formal.

Comenzamos cun convite a un exercicio reflexivo previo, sobre que ferramentas para a sustentabilidade se utilizan na área de traballo social na que estás envolto/a, o que nos dará unha pista sobre o punto de partida do grupo e cales son as súas inquedanzas e expectativas.

A partir de aí desenvolveremos as sesións potenciando a Intelixencia Colectiva, creando un espazo seguro a través do Círculo e da Comunicación Non Violenta, vivenciando a través do corpo e de diferentes ferramentas artísticas que complementaremos coa reflexión grupal e o marco teórico.

Para contextualizar e integrar de maneira máis efectiva as aprendizaxes, propomos un exercicio práctico final deseñado por cada participante, para aplicar o aprendido no seu lugar de traballo que pode ser acompañado por unha titoría individualizada.

8. AVALIACIÓN

Para superar a formación será precisa a **asistencia ao 75% das horas.**

9. DOCENCIA

Marta Pernas Rodríguez

Traballadora social ecofeminista, formada en Permacultura con diferentes entidades (de maneira formal e non-formal en Vigo, en Navarra, no Sahara e na Universidade de Ciencias de Lisboa, e de maneira informal en diferentes contextos, culturas, territorios e climas); en facilitación de grupos co IIFACE e a cooperativa Rexenerando; e en Pedagogías para a Paz e na *“Transformación positiva do conflito a través do xogo e da arte”* con Outra Escuela de Latinoamérica, entre outros.

Na súa labor profesional acompaña, asesora e/ou forma a persoas, entidades, administracións e colectivos diversos, desde as marxes á sociedade no seu conxunto.

Facilita, crea e/ou diseña diferentes ferramentas para os Coidados, a Sabedoría Colectiva, a Cultura de Paz e a Transición Ecosocial con perspectiva de xénero. Desde hai 5 anos traballa con programas europeos de educación non-formal coa xuventude (relacionados coa sostibilidade e a xustiza social), como coordinadora, formadora internacional ou facilitadora seguindo os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a Axenda 2030. Antes traballou e colaborou en diferentes proxectos educativos, ambientais e sociais en diferentes países europeos, asiáticos e africanos, o que lle permite reforzar a súa visión decolonial e a importancia de co-crear comunidades locais resilientes con impacto global.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)